

## 2. Marco conceptual

### 2.1. Conceptos básicos arredor da violencia de xénero

#### 2.1.1. Violencia de xénero

A definición de referencia de violencia de xénero figura no artigo 1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE do 29 de decembro)<sup>1</sup>. Esta é a definición que se aplica no ámbito penal.

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte dos que sexan ou fosen os seus conxuxes ou dos que estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.
2. Por esta lei establece medidas de protección integral cuxa finalidade e previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestar asistencia as súas vítimas.
3. A violencia de xénero a que se refire esta lei comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións a liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

- sitúa a violencia de xénero no ámbito dunha **relación de parella**
- a intervención pola vía penal só ten en conta estas situacións

Fóra do ámbito penal, aplícase a definición dada na normativa autonómica: a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero<sup>2</sup>.

Artigo 1.-Obxecto.

1. Constitúe o obxecto desta lei a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.
2. Para os efectos desta lei, enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.

Artigo 2.-Ámbito de aplicación.

As medidas previstas nesta lei serán aplicables a todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e que se atopen nunha situación de violencia de xénero, así como ás súas fillas e aos seus fillos e a outras persoas delas dependentes, vítimas directas e indirectas.

<sup>1</sup>Véxase lexislación consolidada: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2004-21760>

<sup>2</sup>Véxase lexislación consolidada: <https://www.lex.gal/galilex/8124>

- amplía a definición de violencia de xénero ao recollido no **Convenio de Istambul**, incluíndo as situacións dadas **fóra do ámbito da parella**.
- en 2016 ampliouse para incluír as mulleres e nenas vítimas de **trata** con fins de explotación sexual.
- en 2021 ampliouse para incluír a **violencia vicaria** para protexer as fillas, os fillos e outras persoas estreitamente unidas ás mulleres que sofren a violencia:

Lei 14/2021

«Dous. A letra g) do artigo 3 queda redactada da seguinte maneira:

«g) O homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de lle causar maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia».

- en 2021 ampliouse para incluír a **violencia de xénero dixital** ou violencia de xénero contra a muller (ciberdelitos):

Lei 15/2021

«h) Violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller, que inclúe todo acto ou conduta de violencia de xénero cometido, instigado ou agravado, en parte ou na súa totalidade, polo uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), como Internet, plataformas de redes sociais, sistemas de mensaxaría e correo electrónico ou servizos de xeolocalización, coa finalidade de discriminar, humillar, chantaxear, acosar ou exercer dominio, control ou intromisión sen consentimento na privacidade da vítima; con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella ou análoga de afectividade no presente ou no pasado, ou de parentesco coa vítima. Igualmente, terán a consideración de actos de violencia dixital contra a muller os exercidos por homes do seu contorno familiar, social, profesional ou académico. Exceptúanse as ferramentas de control parental que cumpran coa lexislación vixente destinadas á protección e seguridade das persoas menores de idade.»

### **2.1.2. Violencia sexual**

En Galicia toda a violencia sexual cometida contra as mulleres está considerada violencia de xénero posto que as sucesivas ampliacións normativas aproxímanse ao recollido no Convenio de Istambul e trascende o estipulado no ámbito estatal (e penal), que aínda non trasladou o asinado no dito convenio.

### **2.1.3. Ciberviolencia sexual**

A ciberviolencia sexual comprende os delitos de carácter sexual cometidos co apoio das novas tecnoloxías. Trátase dunha nova modalidade delitiva en auxe en paralelo coa penetración das contornas tecnolóxicas nos nosos fogares e nas nosas relacións interpersoais. O Ministerio de Interior comezou a computalos en 2011. En 2011 rexistráronse 755 denuncias, en 2015 foron máis de 1300 e en 2019 houbo máis de 1700.

Segundo o Departamento de Delitos Telemáticos da Garda Civil, os ciberdelitos sexuais cometidos contra menores de idade aumentaron durante a pandemia en paralelo co

aumento do uso das TIC como medio habitual de comunicación interpersonal e coa súa penetración dos fogares (conectividade).

Fonte: [https://www.diariodesevilla.es/juzgado\\_de\\_guardia/entrevistas/ciberdelitos-sexuales-menores-aumentado-pandemia\\_0\\_1575142773.html](https://www.diariodesevilla.es/juzgado_de_guardia/entrevistas/ciberdelitos-sexuales-menores-aumentado-pandemia_0_1575142773.html)

En canto á incidencia, os ciberdelitos sexuais poden ser cometidos por persoas maiores ou menores de idade. Respecto das vítimas, as cifras dispáranse na poboación menor de idade: os datos oficiais chaman especialmente a atención sobre a incidencia que os ciberdelitos sexuais teñen sobre a poboación menor de idade, convertendo o factor idade en factor de vulnerabilidade.



## INFORME SOBRE LA CIBERCRIMINALIDAD EN ESPAÑA

4.-

### DATOS ESTADÍSTICOS DE CIBERCRIMINALIDAD - Perfil de la VÍCTIMA

(Fuente de datos: Sistema Estadístico de Criminalidad: Datos de los cuerpos policiales, excepto Ertzaintza)

#### >> 4.10. Victimizaciones registradas según grupo penal y edad. Año 2020



| GRUPO PENAL                         | Rango de edad de la víctima |              |               |               |               |               |               |
|-------------------------------------|-----------------------------|--------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|                                     | Descon.                     | Menores      | 18-25         | 26-40         | 41-50         | 51-65         | > 65          |
| ACCESO E INTERCEPTACIÓN ILÍCITA     | 3                           | 341          | 739           | 1.262         | 918           | 552           | 81            |
| AMENAZAS Y COACCIONES               | 58                          | 1.149        | 2.352         | 5.010         | 3.147         | 1.964         | 437           |
| CONTRA EL HONOR                     | 42                          | 90           | 187           | 522           | 442           | 293           | 53            |
| CONTRA PROPIEDAD INDUST./INTELEC.   | 0                           | 1            | 3             | 22            | 20            | 14            | 4             |
| DELITOS SEXUALES(*)                 | 11                          | 1.153        | 77            | 54            | 42            | 6             | 4             |
| FALSIFICACIÓN INFORMÁTICA           | 6                           | 145          | 693           | 1.458         | 1.059         | 790           | 171           |
| FRAUDE INFORMÁTICO                  | 120                         | 539          | 23.099        | 57.540        | 46.645        | 44.322        | 16.587        |
| INTERFERENCIA EN DATOS Y EN SISTEMA | 0                           | 12           | 93            | 282           | 457           | 377           | 59            |
| <b>Total VICTIMIZACIONES</b>        | <b>240</b>                  | <b>3.430</b> | <b>27.243</b> | <b>66.150</b> | <b>52.730</b> | <b>48.318</b> | <b>17.396</b> |

Fonte: *Informe sobre la cibercriminalidad en España. 2020.* Ministerio de Interior.

Segundo a estatística de cibercriminalidade do Ministerio de Interior para 2020, o 87,59% dos delitos sexuais foron cometidos contra persoas menores de idade. Destes datos exclúense as agresións sexuais (con/sen penetración) e os abusos sexuais con penetración.

#### 2.1.4. Ciberviolencia de xénero

Neste momento xa é norma a consideración dos ciberdelitos como violencia de xénero: Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG do 13 de decembro).

### 2.2. Como recoñecer a violencia de xénero

Na seguinte relación ofrecemos unha ficha indicativa de situacións que se poderían considerar violencia de xénero en Galicia.

Cómo ter sempre presente que o que se considera **violencia de xénero a nivel estatal** (e polo

tanto a nivel penal) vén definido pola Lei orgánica de protección: isto é, un home agrede a unha parella ou exparella.

En Galicia, en base á Lei galega de violencia de xénero, o que se considera violencia de xénero é máis amplo, inclúe toda a violencia sexual cometida contra as mulleres.

En contextos de educación infantil e primaria entendemos que o alumnado só podería ser considerado vítima de violencia de xénero como vítima dentro do seu fogar. En secundaria e noutras etapas educativas comezamos a ver situacións enmarcables dentro da violencia de xénero (en poboación adolescente, e logo xa tamén en poboación adulta).

## 2.3. Como podemos recoñecer as distintas manifestacións da violencia?

### 2.3.1. Violencia física

É a máis fácil de identificar porque se manifesta a través de evidencias mellor observables.

- que alguén che pegue
- que alguén te atropele de maneira deliberada, ou que o intente
- que alguén intente matarte
- que alguén che cause un dano físico no teu corpo

### 2.3.2. Violencia psicolóxica

A violencia psicolóxica é menos perceptible ca a violencia física pero igualmente produce un dano na persoa (dano psíquico) e ademais ten maior presenza nas relacións tóxicas e violentas. Recollemos aquí unha serie de condutas encadrables neste tipo de violencia:

- que alguén te falte ao respecto (**faltas de respecto**): que non respecte as túas opinións, que te interrompa, que non te escoite, que non te responda cando falas, que manipule a interpretación das túas palabras, que ridiculice a xente que che importa (familia, amizades...).
- que alguén te humille a través do **maltrato verbal**, desvalorizándote ou poñéndote en ridículo para afectarlle á túa autoestima (ex. a través de insultos, burlas, ridiculizacións, comentarios degradantes, observacións humillantes sobre a falta de atracción física, sobre a inferioridade, sobre a incompetencia...).
- que te desvaloricen co fin de baixarche a autoestima, quitándolle importancia ás cousas que che importan, ás cousas que fas e a ti mesma ("**iso é unha merda**", "**non vales para nada**"), que che fagan sentir inferior ou que non vales nada, que te degraden.
- que che fagan sentir que estás tola e que non percibes as cousas como son realmente (**luz de gas**)
- que che fagan cousas especialmente agresivas, humillantes ou degradantes (**vexacións**)
- que controlen (**control**) a onde vas, onde estás, con quen estás, con quen falas, de que falas... de maneira abusiva, enfermiza, querendo saber todo o que fas ao longo do día, fiscalizando os teus movementos ("**e para que tiñas que ir alí?**") e enfadándose se non respondes as chamadas/mensaxes.
- que te chamen ou envíen mensaxes constantemente (**acoso, insistencia abusiva**) a pesar da túa negativa, de que lle pidas que deixe de facelo; que te persigan, que se presente deliberadamente nos sitios aos que vas a pesar da túa negativa.
- que te presionen para que fagas cousas que non queres facer (**coerción**)
- que che boten a culpa do que acontece, que teñas que asumir responsabilidades ou culpas que non che corresponden (**culpabilización**, responsabilización)

- que abusen da túa confianza (**abuso de confianza**): invasión da intimidade, vulnerar a privacidade das túas comunicacións (escoitar as túas conversas privadas, ler as túas mensaxes), ler as túas cousas persoais e íntimas etc.
- que incumpra as súas promesas (**incumprimento de promesas**): non respecta os acordos, non asume responsabilidades, non colabora coas tarefas comúns...
- que deixen de falarche como castigo (**silencio abusivo**)
- que alguén che impida tomar decisións que che afectan (**abuso de autoridade, suplantación da vontade**): decide por ti, prohíbeche facer cousas, impón os seus criterios sobre as cuestións que che afectan, que te obriguen a estar calada, que che quiten a palabra, que che esixan obediencia ou submisión en vez de seguir o teu propio criterio ou autoridade
- que te illen dos teus (**illamento**) dificultando que poidas verte coa xente que queres, interferindo nas túas quedadas.
- que te ameacen con causarche dano (**ameazas**), que ameacen co suicidio ante a posibilidade de ruptura.
- que te intimiden cun achegamento físico abusivo ou coa ostentación de forza física (**intimidación**), berrándoches de xeito moi agresivo, conducindo temerariamente, rompendo cousas diante túa, facendo unha demostración de forza que permite amosar que tamén ti podes ser danada.
- que boicoteen as decisións que che afectan facendo fracasar deliberadamente os plans que organizas
- que practiquen a **tiranía emocional**: non expresando os sentimentos, non ofrecendo apoio, non respectando os teus sentimentos, premia/castiga coas súas manifestacións de afecto/indiferenza.
- que levanten **calumnias** sobre ti dicindo cousas que non son certas para danarte
- que intenten controlar os teus proxectos persoais intentando tomar decisións por ti á hora de elixir estudos ou traballos
- que intenten controlar o teu tempo persoal, influíndo para que abandones as túas afeccións, as actividades que che fan feliz, as quedadas con xente, a túa carreira profesional...
- que che controlen como tes que vestir ou o teu estilo persoal
- que che controlen as relacións coas túas amizades e coa túa familia, con quen andas, con quen saes, con quen quedas...
- que controlen as túas comunicacións (que saiban os teus contrasinais, que non poidas ter teléfono ou correo propio ou controlado por ti)
- que controlen onde estás, que te teñan xeolocalizada a través de dispositivos electrónicos, que teñas que dar contan dos teus desprazamentos

### *2.3.3a. Violencia sexual*

- que alguén te viole
- que te obriguen a ter relacións sexuais
- que te obriguen a abortar
- que te obriguen a quedarte embarazada
- que che produzan lesións xenitais, que te practiquen a ablación
- que utilicen o sexo contra ti como castigo
- que utilicen o sexo contra ti como demostración de poder

### *2.3.3b. Violencia sexual: acoso sexual*

- que che fagan insinuacións sexuais coa intención de meterche medo (intimidación), degradarte ou ofenderte.

- que che prometan un premio, unha recompensa ou unha mellora laboral ou académica a cambio de sexo (favores sexuais).
- que te ameacen con desfavorecerte laboral ou academicamente se non mantés relacións sexuais.
- que te citen de maneira deliberada e inxustificada fóra do traballo/centro educativo para atender cuestións laborais/formativas.

#### *2.3.4. Acoso por razón de sexo*

- que te traten mal por ser unha muller no teu ámbito de traballo faltándoches ao respecto, facéndoches sentir medo (intimidación), denigrando o teu traballo, boicoteando as túas iniciativas etc.

#### *2.3.5. Trata e explotación sexual*

- que te obriguen a prostituírte.
- que che retiren a documentación para que non poidas saír de onde estás.
- que ameacen con facerlle dano aos teus se non te prostitúes
- que te secuestren para protituírche.
- que te vendan en casamento.

#### *2.3.6. Violencia económica*

- que alguén che quite o acceso aos teus recursos
- que alguén che quite a posibilidade de que accedas a ter recursos propios (**dependencia**)
- que alguén cuestione abusivamente os gastos que realizas cos teus propios recursos
- que alguén desvalda os recursos cos que atender as necesidades básicas da convivencia (túas e dos teus)
- tamén se podería considerar violencia económica o que se coñece como cesión aplacatoria, que significa negociar economicamente á baixa nunha separación para evitar conflitos coa exparella

#### *2.3.7. Violencia vicaria*

- que alguén lle faga dano físico ás persoas que queres para facerche dano a ti ("**vouche dar onde máis che doe**")

#### *2.3.8. Violencia dixital*

- que che quiten fotos ou que te graven sen o teu consentimento
- que difundan imaxes ou gravacións íntimas túas para facerche dano (pornovinganza)
- que che fagan chantaxe para ter relacións contigo (sextorsion)
- que te xeocalicen sen o teu consentimento
- que interveñan as túas comunicacións para saber con quen te comunicas, para saber o que comunicas ou para impedir que te comuniques